

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2010 12:21:24
Nº Rexistro: 42962
Data envío: 28/07/2010 12:21:24,040

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) por iniciativa dos seus deputados **Carlos Aymerich Cano** e **Bieito Lobeira Dominguez** e das súas deputadas **Ana Luisa Bouza Santiago** e **Isabel Sánchez Montenegro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Asistimos nos últimos días ao anuncio da Consellería do Mar da súa intención de abrir ao marisqueo primeiro unha e logo dúas zonas da ría do Burgo reclasificandoas de zona C a zona B.

Estos anuncios da Consellería teñen sido contestados pola Confraría da Coruña que considera que en absoluto se dan as circunstancias para este cambio de clasificación.

O motivo de que na actualidade o marisco da ría do Burgo non se poida comercializar é a contaminación da ría, situación que permanece sin cambios nos últimos anos e que en todo caso empeora co tempo. Non se teñen realizado obras de mellora do saneamento nin de eliminación de verquidos que permitan pensar que a situación se ten modificado.

O Goberno galego ten manifestado a súa impotencia na loita contra o furtivismo na ría, outro dos motivos que impide a reclasificación. Os estudos da evolución do tamaño dos bivalvos, en concreto da ameixa, reflexan que esta actividade ilegal non está a ser reducida polo sistema das macroredadas promovidas dende a Consellería



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2010 12:21:24.040
Nº Rexistro: 42962
Data envío: 28/07/2010 12:21:24.040

do Mar, esquecendo a componente social de este problema no espazo concreto da ría do Burgo.


Os datos que utiliza a Consellería para facer esta proposta de cambio de clasificación son incompletos e sesgados. Utilizan unha serie de analíticas que están recollidas nun só punto da zona GAL 05/05 o que os fai pouco representativos da situación da zona. Ademais non se utiliza unha serie mensual de 12 meses de analíticas o que non garante o seu carácter non estacional.

O Grupo Parlamentar do BNG considera unha irresponsabilidade a idea de modificar a clasificación de C a B das zonas GAL 05/05 e GAL 05/06 da ría do Burgo xa que non cambiaron os motivos que provocaron a súa clasificación como zona C, non se cumpre o criterio da erradicación do furtivismo e as analíticas utilizadas non teñen rigor abondo en cantidade e representatividade para ser garantía para o consumo e para a sostenibilidade do recurso.

Por este motivo o BNG formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a respectar e facer respectar a lexislación no referido á reclasificación como zona B de determinadas parcelas da Ría do Burgo, nomeadamente das zonas GAL 05/05 e GAL 05/06, garantindo que calquera modificación da súa clasificación se fará con todas as garantías para as persoas afectadas, consumidores e traballadores, nomeadamente:

1.- As analíticas utilizadas deben ter periodicidade mensual para que poidan ser consideradas as de 12 meses consecutivos e unha continuidade de niveis de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2010 12
Nº Rexistro: 42962
Data envío: 28/07/2010 12:21:24.040

contaminación que permitan excluír a estacionalidade dos resultados.

2.- As analíticas utilizadas deben ser obtidas en lugares representativos da zona que se analiza para o que se deberán incorporar 2 puntos novos de recollida de mostras representativos do espazo completo da zona GAL 05/05

3.- Non se poderá reclasificar sin modificar a situación dos verquidos actuais, coñecidos e publicados, coa colaboración das administracións implicadas, locais, autonómica e estatal.

4.- Non se poderá reclasificar sin modificar a situación actual do furtivismo, mediante un conxunto de actuacións policiais, xudiciais e sociais que consideren a erradicación do chabolismo na zona e que contén con todo os axentes implicados: Confraría, Concellos, Goberno galego e forzas de seguridade.

5.- En tanto non se den as condicións de apertura ao marisqueo, continuarase con convenios de colaboración entre o Goberno galego e a Confraría con medidas de recuperación da ría do Burgo.”

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado e Portavoz do G.P. do BNG


Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG

Ana Luisa Bouza Santiago

Isabel Sánchez Montenegro

Deputadas do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2010 12:20:09
Nº Rexistro: 42962
Data envío: 28/07/2010 12:21:24.040

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 28/07/2010 12:20:09

Bieito Lobeira Domínguez na data 28/07/2010 12:20:16

Ana Luísa Bouza Santiago na data 28/07/2010 12:20:21

Isabel Sánchez Montenegro na data 28/07/2010 12:20:27